

## Un mínimo de respecto

E esta non sería a última vez, tíñao claro.

Non había máis que mirar as súas accións feitas sen conciencia, tan viles e desapiadadas, para ter claro que eses desvergoñados volverían facer das súas.

Ano tras ano, miro como outros coma min sofren e o resto do mundo quédase en silencio sen facer nada, a excepción dunhas poucas almas dispostas a axudar. Iso éncheme dunha impotencia imposible de explicar, teño unha rabia no meu interior que fai que estea a piques de estoupar. Non entendo por que por culpa duns poucos aloucados teño que sentir ese afogo e ese sentimento de estar a piques de morrer. Só son unha simple árbore!

Ben sei que non lle teño que agradar a todo o mundo, pero o único que pido é un mínimo de respecto. Pareceche demasiado ou prefires seguir a queimarme viva?

Lucía Fernández Gándara 4ºA